

Miguel Anxo Fernán-Vello. *As certezas do clima*

Teresa Seara

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SEARA, TERESA (2012 [1997]). “Miguel Anxo Fernán-Vello. *As certezas do clima*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1996, 255-259. Reedição en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1636>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SEARA, TERESA (1997). “Miguel Anxo Fernán-Vello. *As certezas do clima*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1996, 255-259.

* Edición dispoñíbel desde o 16 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

MIGUEL FERNÁN-VELLO. *AS CERTEZAS DO CLIMA*

Teresa Seara

Miguel Anxo Fernán-Vello: *As certezas do clima*
Vigo: Galaxia, 1996
Premio de Poesía Martín Codax 1996

Vivimos nun tempo incerto devalando, desde un pasado de destrucción gradual do entorno que nos sostén, cara a un futuro que se presenta enigmático. Agora, cando nos enfrontamos ó sempre misterioso momento do cambio de século, é o tempo de avaliar canto poder ten o home sobre o seu propio destino. Nestas horas en que o mundo coñecido muda irremediabilmente é necesario definir as certezas que nos marcan o rumbo, esas regras inmutables que ordenan o noso sino gremial. Tal é o labor que se impón o eu poético de *As certezas do clima*, un ser que inicia o periplo cara ó norte na incerteza tanto da rota a seguir como da meta a acadar nese camiño. Desorientada pola escuridade dos enigmas, a voz poética fainos partícipes do seu tránsito iniciático á búsqueda de algo que quizais non exista e avísanos de que

Esta viaxe ao norte é un milagre esperado,
a fuxida perfecta cara ao mar, un destino
que levamos escrito como un fulgor de inverno
na patria da nosa soedade.

Camiñante. Eis o destino dun eu poético que, inmerso na rota, se transforma en observador. A esculca atenta, na busca de desviacións nesa orde natural que rexe o entorno, permite abrir o poema a unha completa gama de paisaxes apreixadas sempre desde unha perspectiva interior. A natureza túrbanos aínda na evidencia dunha harmonía perfecta e, sobre todo, na constatación desa forza ancestral adormecida que, en calquera momento, estala como un gromo de luz latente [256] para amosar a nosa indefensión perante ela. Na soidade do tránsito, o ser séntese acompañado pola chuvia, o vento, a luz, a terra, elementos tan vellos como o mundo e así sábese que

O camiño é o futuro da luz,
as terras estreladas que respiran na alba,
as anchas praias que acenden a brancura,
o froito luminoso do ceo caído subitamente no sangue
cando o mar, o mar,
aparece diante dos nosos ollos
e sentimos aí todo o silencio
do fin e do comezo do camiño da vida.

Lentamente, vanse retratando os catro elementos primordiais do cosmos, as forzas que acompañan e guían ó eu poético polas rotas incertas do camiño. Pero o enigma da verdadeira entidade do clima é tan inmenso como un pozo aberto no corazón e unha ferida que supura interminablemente. Resúltanos imposible apreixalo desde a nosa cativa existencia humana aínda que a memoria actúa como unha alarma para avisarnos das mutacións negativas que estamos propiciando. Perdido o efecto balsámico que antes proporcionaba esa paisaxe anarquicamente libre estamos perante a ameaza do abismo cando

Fechamos os ollos e a ferida aumenta,
unha liña vermella máis alá do visíbel,
o corazón mordido por un enigma.

A contemplación da "paisaxe interior do vento", da "figura azul da chuva", engaiola ó ser que vai sendo conducido, involuntariamente, por forzas invisibles fóra do cosmos primixenio. Se o camiño pola paisaxe se tornaba difícil pola soidade e a carencia de indicadores da rota adecuada, o tránsito ó que se enfrenta agora o eu poético faise tormentoso e incide no desgarrar dun ser que se sabe vítima nas áreas movedizas da incerteza:

Estamos sobre a chama quebrada de nós mesmos,
na penumbra interior dunha substancia aceda,
un estado de alarma entrecruzando o centro
do equilibrio, a posición escura
que cega dentro da cabeza
calquer saúde escrita no destino.

Perdemos o horizonte que indicaba o camiño a un mar de vida e con el o noso norte pois o eu poético non só procura un horizonte físico senón tamén espiritual, interior. Para acadalo debe antes liberarse de ligaduras corporais e matéricas. Só así acadará a liviandade precisa para, elevándose dunha existencia apegada en exceso á materia, ser quen de comprender globalmente a realidade poliédrica do enigma que é a vida e todos os seus resortes. Desde este coñecemento poderá entón erguer a voz que denuncia o perigo. Pero, a espera do futuro, disturbio que perturba no seu gume, faise interminable para un ser que se laia da incerteza presente [257]

Esperar é un oficio de agonías que renacen
como unha fonte de incerteza no corpo.
Así esa emoción que doe mutilada de sombras,
difícil acto que realiza un enigma
para brillar nos ollos doutra luz, outro signo
que borre a dolorosa estría do presente.
É a flor nevada que toca insomne a vértebra
e cega o labirinto da esperanza,
esa enerxía ou febre que desmaia o destino:
a espera como unha entrega medida no corpo
para saciar o tempo.

Abandonado o entorno natural, o camiñante adéntrase nun espazo urbano cheo de símbolos desacougantes. A estadia neste ámbito deshumanizado mina as forzas dun ser que se declara impotente perante o esmagador poder destructivo da urbe e que se ve encarcerado na verticalidade de asfalto e espellos que menten sobre a verdadeira localización — horizontal— do mar, do vento, do ceo...

A figura vertical da vida ferve aquí
un corazón alzado de metal e de nube,
visión do ceo fuxindo dentro de si mesmo,
fragmento de óxido e imán, áncora branca,
torre de palpito e industria, un ángulo
inclinado na fronte.

En "Advertencias do ar", o eu poético cede a súa voz ó aire para avisarnos da chegada próxima dun cambio radical e incerto. O aire, supremo coñecedor dos misterios do mundo, alento vital de canto posúe existencia, converte a voz poética na súa mensaxeira e, insuflándolle a sabedoría ancestral, faino custodio dos segredos do mundo. Así, pola súa boca, o aire advirte que

Debe saber o home
a través da súa lágrima
que hai un eco de morte
nas horas, nos espellos,
nas fontes, neste verso
que treme no ar con palpito violáceo,
o brillo inmóbil da distancia,
o signo lentísimo dunha sede
que se estende nos mapas
do pensamento.

Deben saber os seres que ollan ao ceo
que a luz é unha alarma de fendas
no teito do silencio.

Toda a violencia urbana incide sobre un ser desvalido, perdido en dúbidas existenciais, desnortado nun tránsito que o leva por territorios descoñecidos, paisaxes para a dor. O mar que é unha mentira na lonxanía, o vento convertido en "mordedura amarela" de morte, a chuvía acompañada do "alustro violáceo" [258] da tormenta dirixen a súa furia máis mortífera contra o home que resiste, a duras penas, os seus embates. A luz ilumina agora o abismo para que poidamos observar claramente a insondable profundidade da fenda que nos axexa. O eu poético adopta unha "perspectiva urbana", superficial, que o impele a apreixar eses escasos momentos en que a urbe se humaniza: os segundos de triunfo da luz, a aparición do sol, o reflexo do mar sobre os vidros. Só entón, o transeúnte, se sente ferido pola tenrura, unxido coa luz que anuncia a vinda da chuvía sobre a cidade, vana esperanza pois

Esta luz é un regreso intrazado de ángulos, anacos de vertixe demorados na altura,
un peso azul que verte no corazón un río posuído de abismo.

Cando na lonxanía os espellos recortan o perfil repentino da cidade, nós sentimos no pozo da memoria o alento frío da pedra e a flor escura que treme antes do alustro violáceo da tormenta.

A sede, o medo, o enigma, axexan ó ser perdido nas rúas da cidade mentres observa como a mutación dos elementos naturais, que antes o acompañaran no tránsito, se dirixe agora contra el para mordelo coa súa dureza. Son os signos da desolación que se aveciña. Anuncian a vinda dun clima futuro adverso para o home que, por estar explícita en indicios crípticos, só pode ser descifrada por uns poucos seres e así dísenos que

A explicación do mundo
é esta soedade
que doe como un chumbo amarelo
nevado no sangue.
Tanta brasa brillante
que se toca nos ollos,
tanta fotografía de lámpada e comercio
son poeira de vidro e multitude,
consumición que extingue no corpo
a hora do futuro.

Verquer no vento a interpretación inequívoca dos signos que se suman para anticipar o desastre, examinar con minuciosidade o clima que conforma o pensamento humano —o modo de actuación, a forma de destruír o que lle garante a vida— son tarefas do eu poético. Pero a posesión deste coñecemento doe na súa contundencia e propicia a tristeza dun ser que ve como os seus semellantes ignoran as advertencias, cegos para a fenda que teñen ante os pés, mentres avanzan no seu frémido destructivo cara á morte e ó cataclismo. A luz decae no crepúsculo, igual que a esperanza deste ser derrotado e canso:

Só fica agora o espello roto da memoria
e a tristeza, esta tristeza aquí inexplicábel
diante destas casas e rúas silenciosas
que están vivas, vivas como a dor do crepúsculo
que vai entrando en nós
lento gume vermello
dunha esperanza fría
como a primeira sombra no corpo.

[259] As ruínas cercan o eu poético coa súa contundencia de arrabaldo para concluír o puzle, o labirinto dos signos que se foron desvelando con lentitude. Completo o mapa da memoria, pechado o círculo da sabedoría, pode o eu poético, na inmovilidade dun futuro que se presenta incerto, emitir as súas últimas advertencias, descrifrar totalmente a mensaxe escrita neses sinais escuros que non atinamos a comprender. Chegamos xa a unha "Temperatura crítica" pero aínda

Debemos resistir o golpe insaciado do destino, a queimazón do asombro no pensamento e no corpo.

Somos o límite intrazado do humano e practicamos a fuxida de nós mesmos no labirinto imposible da esperanza.

A resistencia vén da man da palabra, pois só ela é quen de tornar transparente o enigma co seu desciframento. Unicamente na palabra poética está a verdadeira esperanza para o futuro, o segredo da vida, as certezas do clima que nos agarda, pois "Só as palabras coñecen a vida secreta do futuro" cando

A lucidez e a febre dos poetas canta nesta hora baixa do mundo.

E a flor do enigma faise transparente.